



SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Expediente PCO.001.2023.00263

Asunto: Informe sobre a necesidade do contrato de servizos de transporte para actividades da Deputación Provincial da Coruña, anos 2023 e seguintes

A Deputación necesita dispoñer dun servizo de transporte de viaxeiros, non regular, para atender as necesidades de desprazamento de grupos de persoas que participan en actividades protocolarias que teñen lugar no Pazo de Mariñán, as derivadas de actuacións ou eventos da Unidade Europe Direct, do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego ou do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, así como os desprazamentos do alumnado dos centros dependentes da Deputación para actividades educativas e, en xeral, calquera desprazamento motivado por actividades da Deputación que requira utilizar autobuses.

A Deputación carece de medios materiais e persoais para facer fronte a estas necesidades de desprazamento polo que en anos anteriores se recorreu a un contrato de servizos de transporte en autobuses de diferentes capacidades, que proporcionou resultados satisfactorios.

A vixencia do contrato en vigor remata o 16 de setembro de 2023 e, se ben podería prorrogarse, tendo en conta as revisións salariais aprobadas a través do convenio colectivo sectorial con efectos 1 de xaneiro de 2023, sumado ao incremento dos prezos dos combustibles dende a última licitación, fan aconsellable tramitar un novo expediente de contratación, axustado aos custes actuais do sector.

O tipo de licitación serán os prezos unitarios que se aplicarán aos seguintes servizos para autobuses de diferentes cabidas:

- Prezos por quilómetro
- Prezos por hora de servizo.

O contrato adjudicarase mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adjudicación a fin de garantir os principios de publicidade, igualdade, concorrencia e non discriminación.

O xefe do Servizo de Patrimonio y Contratación,

Luis Jaime Rodríguez Fernández